

ORIENTACIÓNS
ORIENTACIÓNS
PARA O
DESENVOLVEMENTO
DA LINGUAXE ORAL

O entorno familiar é o ámbito natural do desenvolvemento da linguaxe e o único que pode proporcionar unha estimulación intensiva todos os días do ano, e todo iso ligado a condutas naturais e espontáneas. Por iso poden ter en conta as seguintes **orientacións** para colaborar no desenvolvemento lingüístico dos seus fill@s

- **Falarlle amodo e claro, vocalizando** ben, cun **volume adecuado**, procurando sempre **manter o contacto visual** cando se lle fala para asegurarnos de que entende o que lle dicimos.
- **Favorecer a percepción auditiva**: escoitar os sons do medio que o rodea e imitalos: ruídos de animais, do medio (o vento, a chuvia, o trono...), así como coches con sirenas, bonecos que emitan sons (que falen, choren, ríanse, canten), etc.
- **Observar a morfoloxía e a mobilidade** dos órganos buco-faciais (labios, lingua,...). Para iso poderemos facer os seguintes exercicios:
 - **Beizos**: Proxectar os beizos pregados (coma se dese un beso). Vibración de labios con fonación (facer o ruído da moto). Superponer o labio inferior sobre o superior e viceversa.
 - **Lingua**: Movela en distintas direccións: arriba, abaixo, dereita, esquerda. relamberse (coma se lle quedase algo doce nos beizos), chasquear, empurrar as meixelas (coma se tivese un gran caramelo na boca), pronunciar: toc, toc, tac, tac, tic, tic; ding, dong...
 - Entre os xogos que favorecen o **sopro** están: Soprar muíños de vento, facer pompas de xabón, tocar instrumentos de vento como unha frauta ou harmónica, soprar asubíos ou trompetillas...
- **Evitar** facerlle preguntas pechadas onde solo teña que responder "*si* ou *non*" senón preguntas abertas nas que teña que elixir ou se expresar para facer o que quere "¿ Queres leite ou auga "? ", ¿ Queres galletas ou pan?, ¿ Queres pintar ou ver unha película de debuxos?, ¿ Cal queres ver, a de Blancaneves ou a da Bela Durminte?...
- **Fomentar** a súa **intencionalidade comunicativa**, evitar responder por el, se non darlle tempo para que se exprese. Respetar as quendas de palabra, sen interrompelo.
- **Eliminar as correccións explícitas** ("iso non se di así, dío ben") senón recoller a súa expresión incorrecta e devolverlla

aplicando algunha corrección necesaria ou ampliándolle a resposta tanto a nivel de corrección de sons como na correcta construción da frase. O insistirle na correcta pronunciación, sobre todo cando non é capaz de facelo, pode derivar en actitudes negativas cara a fala. É consciente dos seus erros e négase a falar.

- **Evitar darlle nada** por entendido cando **empregue xestos**.
- Cando aínda non pronuncie un fonema, se o queremos axudar, nunca insistiremos en que o faga ben ou con máis forza, como ás veces acontece coa /r/. **Só** faremos **correccións explícitas** cando o neno xa sabe pronunciar un fonema (/b/, /p/, /s/, etc.) pero por hábito incorrecto faino mal, pero sen abusar desta técnica (sen forzalo ou insistirle se ao segundo intento de corrección non o consegue), sobre todo, porque aínda non alcanzou un grao de fluidez abonda.
- **Evitar mostrar xestos de desgusto ou enfado**, nin o rifar cando non o entendemos. Para el tamén é unha dificultade atopar a palabra axeitada ou pronunciar ben aquilo que quere dicir, o que nalgunhas ocasións pode levalo a entristecerse ou enfadarse.
- Acompañe calquera cousa que faga con linguaxe (frases curtas), propiciando que responda a preguntas do tipo "¿ Quen é ou que é "? ", ¿ Onde está?... que favorecen a construción de frases máis longas.
- Ver xuntos **libros de imaxes** e contos e ir contando que personaxes aparecen, que fan,...., o que estimula o proceso de construción de frases máis estruturadas, explicando o "porque" das accións ¿ Por que come o can?--"O can come porque tiña fame".
- **Enriquecer o seu vocabulario** ensinándolles o nome de: As partes do corpo, prendas de vestir, cousas da casa, nomes de animais. Todo iso de forma natural e espontánea, sen que se converta en algo planificado que deba aprenderse no momento.

- **Informar a familia** próxima para que sigan as mesmas recomendacións e lle dean bos modelos de fala, que non reforen unha fala infantil, nin repitan as palabras como el as di porque nos fagan graza. ("gua guau" por can, "tati ou tata" por irmán/a, "o pipi" polo paxaro, "mimir" por durmir, e evitar utilizar moitos diminutivos.
- **Favorecer e fomentar** a súa **autonomía persoal**: poñer pezas de vestir con distintos peches (botóns, cremalleiras), recoller os seus xoguetes, comer solo....
- **Comer correctamente** axuda a pronunciar mellor. **Morder e mastigar** alimentos variados de diferentes consistencias (froitas, pan de barra, galletas...). Non é recomendable a substitución das comidas por "potitos", iogures ou biberóns para nenos/as que xa son capaces de mastigar. Non se trata dos valores nutricionais dos devanditos alimentos, senón da ausencia de mastigación e estimulación oral. O máis rápido e agradable non sempre é o máis recomendable. Algunhas alteracións orgánicas e funcionais -alteracións da mordida, dentais e mastigatorias- teñen a súa orixe no mantemento destes hábitos a idades inapropiadas, que en ocasións teñen o seu reflexo na linguaxe oral.

A hora da alimentación esixe tranquilidade e tempo para ser realizada correctamente.

